



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 16 DE

XULLO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día dezaseis de xullo de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa dona Marta Maria Vázquez Golpe.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 9 de xullo de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 9 de xullo de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia.

- Escrito da sección de Contratación, servizo Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, rexistrado de entrada con data do día 13 de xullo de 2012 co número 9.944, no que comunica que se toma coñecemento do proxecto modificado da obra de construción de nova instalación para o servizo de Protección Civil, o cal non constitúe ningunha modificación do orzamento nin do coeficiente de financiamento.

- Escrito da Secretaría de Estado de Presupuestos e Gastos, do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, rexistrado de entrada con data do día 9 de xullo de 2012 co

número 9.565, ao que achega circular 1/2012 sobre a subvencionabilidade dos pagamentos que se deriven de modificacións de contratos públicos.

- Orde do 2 de xullo de 2012 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve a convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar, nos concellos de Galicia para o ano 2012, no cal consta o Concello de Cambre cunha subvención outorgada por importe de 2.704 euros. (Diario Oficial de Galicia número 132, de data do día 11 de xullo de 2012).

- Resolución do 4 de xullo de 2012, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Manual de estilo do Diario Oficial de Galicia e outras publicacións institucionais. (Diario Oficial de Galicia número 134, de data do día 13 de xullo de 2012).

- Real-decreto lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade. (Boletín Oficial do Estado número 168, de data do día 14 de xullo de 2012).

- Real-decreto lei 21/2012, de 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro. (Boletín Oficial do Estado número 168, de data do día 14 de xullo de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que se cubriu a baixa da técnica de xestión de Administración xeral dona Maria Fernanda Montero Carré, realizando un novo contrato á técnica de xestión de Administración xeral dona Maria Angeles Gutiérrez Sánchez.

A seguir, tamén informa que se contratarán dúas persoas para a brigada de Obras, en principio, por un mes e, sobre todo, para amañar o centro de Cambre.

Para rematar, don Felipe Andreu Barallobre informa que non hai problema en reabrir o rexistro da Casa das Palmeiras.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

C.I.F. P-1501700-G

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que na rúa Constitución, na parroquia do Temple, se pintaron os aparcamentos en batería, deixando a rúa con dirección única, deste xeito, se gañaron unhas quince prazas de aparcamento.

A continuación, informa que na Barcala se plantaron unhas “palmeiras ananas”.

Para finalizar, don Manuel Marante Gómez informa que están a apurar ao máximo a contratación do expediente de “servizos de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de gabias de titularidade municipal do Concello de Cambre 2012”. Os informes técnicos estarán listos entre hoxe e mañá.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro sábado, día 21, se celebra a romaría XXV aniversario da asociación Garrulaxe, na parroquia de Cecebre, con diferentes actos durante todo o día.

Así mesmo, continúa a dicir, o día 21 terá lugar o XXII festival de música e baile tradicional de “As Mariñas” no parque da Igrexa de Cambre. Engade que haberá unha feira de artesanía que terá entre doce ou trece postos e será dende as 11.00 horas ata as 20.00 horas. Os grupos musicais actuarán a partir das 17.00 horas.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o venres rematou o prazo de presentación de carteis para a festa. Presentáronse 48 carteis e engade que se colocarán na galería da páxina web do concello. O xurado reunírase esta semana.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que hoxe tivo unha entrevista coa asociación “Jóvenes Unidos”. Continúa a dicir que é unha empresa que se dedica a poñer contedores de roupa usada, é como para facer un taller de reciclaxe de roupa usada para posteriormente entregarlla a quen a necesite. Por este motivo reuníronse con ela, pero cre que é, quizais, un tema de medio ambiente. Malia o anterior, expón que tamén oíu que o Consorcio está neste tema, e que hai concellos que xa teñen instalados os contedores.

A continuación, o señor alcalde contesta que se recibiu un escrito do Consorcio, quen asinou un convenio cunha empresa, polo que haberá que solicitarlles que nos remitan ese convenio para coñecer as condicións e comunicar os lugares para colocar os contedores.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o vindeiro día 25 de xullo terá lugar o duodécimo concurso gran premio de BTT (bicicleta todo terreo).

A continuación, tamén informa que o día 28 de xullo terá lugar o décimo terceiro gran premio Concello de Cambre escolas e cadetes.

Para rematar, don Fernando Caride Suárez informa que están pendentes de concretar as datas do 3x3 de baloncesto que terá lugar nas pistas do Temple.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria



Manuel Rivas Caridad



Maria Luisa de la Red Ampudia